

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO
EXCELENTÍSIMO CONCELLO
PLENO DE DATA DOCE DE
NOVEMBRO DE DOUS MIL
DEZANOVE**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 12 de novembro de 2019. Baixo a presidencia da **Excm. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García**, e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.^a Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D.^a Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.^a María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.^a Diana María Sobral Cabanas, D.^a Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.^a Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Roberto García Fernández, D.^a María Teresa Gutiérrez Roselló, D.^a María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.^a María García Gómez, D. Xiao Varela Gómez, D.^a Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.^a Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.^a Avia Veira González e D.^a Mónica Martínez Lema**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de realizar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal**.

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DEL
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO
PLENO DE FECHA DOCE DE
NOVIEMBRE DE DOS MIL
DIECINUEVE**

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 12 de noviembre de 2019. Bajo la presidencia de la **Excm. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García**, y con la asistencia de los ediles **D. José Manuel Lage Tuñas, D.^a Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D.^a Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.^a María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.^a Diana María Sobral Cabanas, D.^a Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.^a Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Roberto García Fernández, D.^a María Teresa Gutiérrez Roselló, D.^a María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.^a María García Gómez, D. Xiao Varela Gómez, D.^a Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.^a Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.^a Avia Veira González e D.^a Mónica Martínez Lema**, se reúne, previa convocatoria regulamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión extraordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infraescrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal**.*

Xustifica a súa ausencia dona Beatriz Mato Otero.

Ás 12 horas e tres minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

168.- Instar á Xunta a atender as demandas da corporación da Coruña e a incorporalas nos seus orzamentos para o 2020 no trámite parlamentario que se transcriben seguidamente:

Asunto: Instar á Xunta de Galicia a atender as demandas da Corporación da Coruña e a incorporalas aos seus orzamentos para 2020 no trámite parlamentario e dar traslado deste acordo a todos os grupos parlamentarios.

Intervencións

Presidencia

Bo día a todos e a todas os membros da Corporación. Saudamos ao persoal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor interventor, así como aos xornalistas e á xente que está na tribuna de invitados e a todos aqueles que nos seguen a través do sinal das redes municipais.

Comezamos esta sesión extraordinaria do Pleno municipal, que ten un único asunto na orde do día. Señor Secretario.

O secretario desculpa a ausencia de D.^a Beatriz Mato Otero e le a orde do día.

Presidencia

Ben, para a defensa das súas posicións, e

Justifica su ausencia doña Beatriz Mato Otero.

A las 12 horas y tres minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

168.- Instar a la Xunta a atender las demandas de la corporación de A Coruña y a incorporarlas en sus presupuestos para el 2020 en el trámite parlamentario que se transcriben seguidamente:

Asunto: *Instar a la Xunta de Galicia a atender las demandas de la Corporación de A Coruña y a incorporarlas a sus presupuestos para 2020 en el trámite parlamentario y dar traslado de este acuerdo a todos los grupos parlamentarios.*

Intervenciones

Presidencia

Buenos días a todos y a todas los miembros de la Corporación. Saludamos al personal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor interventor, así como a los periodistas y a la gente que está en la tribuna de invitados y a todos aquellos que nos siguen a través de la señal de las redes municipales.

Comenzamos esta sesión extraordinaria del Pleno municipal, que tiene un único asunto en la orden del día. Señor Secretario.

El secretario disculpa la ausencia de D.^a Beatriz Mato Otero y lee el orden del día.

Presidencia

Bien, para la defensa de sus posiciones,

mesmo da proposta e da emenda, a Comisión de Voceiros e Voceiras celebrada no día de onte acordou a orde de intervencións que segue: comezará o Bloque Nacionalista Galego, a continuación o Grupo Municipal da Marea Atlántica e despois, por orde de menor a maior, Ciudadanos, Partido Popular e Partido Socialista. Para iso contan con dúas intervencións; a primeira quenda durará 8 minutos por grupo e a segunda 4 minutos. A efectos de evitar interrupcións nos tempos acordamos tamén que, cando cheguen ós 8 minutos, se lles fará un sinal acústico, que é este **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**; pasados 30 segundos serán dúas sinais **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**, para que rematen a súa intervención; e chegados aos 30 segundos seguintes, se lles retirará a palabra.

Agradezo por favor que, xa que está acordado pola Comisión de Voceiros, non entren os respectivos voceiros e voceiras en discusión con esta Presidencia ao respecto.

Así que, sen mais, damos inicio ao Pleno. Señor Jorquera Caselas polo Bloque Nacionalista Galego.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

En primeiro lugar, o Bloque Nacionalista Galego quere expresar a súa solidariedade e o seu apoio ás enfermeiras eventuais en loita que, a esta mesma hora, se están concentrando fronte aos centros sanitarios da nosa cidade para protestar pola precarización no emprego, polos recortes, algo que está claramente vencellado, ademais, ao

así como de la propuesta y de la enmienda, la Comisión de Portavoces celebrada en el día de ayer acordó el orden de intervenciones que sigue: comenzará el Bloque Nacionalista Galego, a continuación el Grupo Municipal de la Marea Atlántica y después, por orden de menor a mayor, Ciudadanos, Partido Popular y Partido Socialista. Para eso cuentan con dos intervenciones; el primer turno durará 8 minutos por grupo y el segundo 4 minutos. A efectos de evitar interrupciones en los tiempos acordamos también que, cuándo lleguen a los 8 minutos, se les hará una señal acústica, que es esta (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención); pasados 30 segundos serán dos señales (se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención), para que finalicen su intervención; y llegados a los 30 segundos siguientes, si les retirará la palabra.

Agradezco por favor que, ya que está acordado por la Comisión de Portavoces, no entren los respectivos portavoces en discusión con esta Presidencia al respecto.

Así que, sin mas, damos inicio al Pleno. Señor Jorquera Caselas por el Bloque Nacionalista Galego.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

En primer lugar, el Bloque Nacionalista Galego quiere expresar su solidaridad y su apoyo a las enfermeras eventuales en lucha que, a esta misma hora, se están concentrando frente a los centros sanitarios de nuestra ciudad para protestar por la precarización en el empleo, por los recortes, algo que está claramente vinculado, además, al asunto

asunto que hoxe motiva a convocatoria deste Pleno extraordinario.

Pero como é costume, nesta primeira intervención quero aproveitar tamén para saudar aos membros da Corporación, ao público asistente, á prensa, ao persoal do Concello e aos cidadáns que están seguindo este Pleno por streaming.

O Goberno do señor Núñez Feijóo xa nos ten habituados a substituír a realidade pola propaganda. 2020 é ano electoral, espero que só porque se celebran eleccións autonómicas e non porque haxa unhas terceiras eleccións xerais e, se me permiten a brincadeira, menos agora que o BNG volve ter representación no Congreso. E como é ano electoral, a Xunta anuncia uns orzamentos expansivos, de forte contido investidor e marcado carácter social.

Pero por moito aparato de propaganda que se utilice, no que atinxe á cidade da Coruña, estes orzamentos nin son expansivos, nin teñen un forte contido investidor, nin moito menos un marcado carácter social.

Os grupos municipais da Marea Atlántica e o BNG solicitamos a convocatoria deste Pleno extraordinario porque o proxecto de orzamentos para o ano 2020, presentado polo Goberno da Xunta de Galiza, é un desprezo para A Coruña e a súa comarca e vouno ilustrar con algúns datos.

A Xunta de Galiza anuncia un investimento total no conxunto de Galiza de 1.691 millóns de euros. En cambio, na Coruña, por moito que aínda así a min non me dean as contas, o investimento, segundo a propia Xunta de Galiza, redúcese a uns raquíuticos 84 millóns de

que hoy motiva la convocatoria de este Pleno extraordinario.

Pero como es costumbre, en esta primera intervención quiero aprovechar también para saludar a los miembros de la Corporación, al público asistente, a la prensa, al personal del Ayuntamiento y a los ciudadanos que están siguiendo este Pleno en directo.

El Gobierno del señor Núñez Feijóo ya nos tiene habituados a sustituir la realidad por la propaganda. 2020 es año electoral, espero que solo porque se celebran elecciones autonómicas y no porque haya unas terceras elecciones generales y, si me permiten la broma, menos ahora que el BNG vuelve a tener representación en el Congreso. Y como es año electoral, la Xunta anuncia unos presupuestos expansivos, de fuerte contenido inversor y marcado carácter social.

Pero por mucho aparato de propaganda que se utilice, en lo que respecta a la ciudad de A Coruña, estos presupuestos ni son expansivos, ni tienen un fuerte contenido inversor, ni mucho menos un marcado carácter social.

Los grupos municipales de la Marea Atlántica y el BNG solicitamos la convocatoria de este Pleno extraordinario porque el proyecto de presupuestos para el año 2020, presentado por el Gobierno de la Xunta de Galicia, es un desprecio para A Coruña y su comarca y lo voy a ilustrar con algunos datos.

La Xunta de Galicia anuncia una inversión total en el conjunto de Galicia de 1.691 millones de euros. En cambio, en A Coruña, por mucho que aún así a mí no me den las cuentas, la inversión, según la propia Xunta de Galicia, se reduce a unos raquíuticos 84 millones de

euros. É dicir, 608 euros de investimento *per cápita* en Galiza e na Coruña un investimento por habitante de pouco máis de 340 euros. Un 43,5% menos que a media galega.

Tanto é así que o maior investimento previsto na cidade da Coruña, 15 millóns de euros, non é froito do esforzo investidor da Xunta, senón que corre a cargo dunha entidade privada como é a Fundación Amancio Ortega.

Como se apunta na proposta de resolución subscrita polos grupos municipais do PSOE, Marea Atlántica e BNG, os investimentos da Xunta de Galiza non conseguen nin sequera cumprir cos seus compromisos adquiridos e recollidos en convenios xa asinados co Concello da Coruña. O caso da Orquestra Sinfónica de Galiza é un exemplo evidente. Dende 2009 a Xunta incumpre sistematicamente o convenio e a débeda acumulada co Consorcio para a Promoción da Música ascende a máis de 5 millóns de euros. Débeda que segue crescendo, pois o consignado nos orzamentos de 2020 segue por baixo do establecido no convenio, comprometendo o futuro da orquestra, do coro, a orquestra xove e as agrupacións infantís.

En materia sanitaria substitúese a falla de compromiso práctico e material pola propaganda dun novo hospital. Así, os dous millóns de euros que se orzamentan para o CHUAC, máis outro millón para tecnoloxía e equipamentos, son totalmente insuficientes. E é clamorosa a ausencia no proxecto dunha partida específica para o tan demandado centro de saúde de Santa Lucía. Arguméntase que hai unha partida xenérica para centros de saúde, pero o único xeito de poder constatar e avaliar a asunción deste compromiso é que, nos orzamentos da Xunta de Galiza, exista unha partida

euros. Es decir, 608 euros de inversión per cápita en Galicia y en A Coruña una inversión por habitante de poco más de 340 euros. Un 43,5% menos que el promedio gallego.

Tanto es así que la mayor inversión prevista en la ciudad de A Coruña, 15 millones de euros, no es fruto del esfuerzo inversor de la Xunta, sino que corre a cargo de una entidad privada como es la Fundación Amancio Ortega.

Como se apunta en la propuesta de resolución suscrita por los grupos municipales del PSOE, Marea Atlántica y BNG, las inversiones de la Xunta de Galicia no consiguen ni siquiera cumplir con sus compromisos adquiridos y recogidos en convenios ya firmados con el Ayuntamiento de A Coruña. El caso de la Orquesta Sinfónica de Galicia es un ejemplo evidente. Desde 2009 la Xunta incumple sistemáticamente el convenio y la deuda acumulada con el Consorcio para la Promoción de la Música asciende a más de 5 millones de euros. Deuda que sigue creciendo, pues lo consignado en los presupuestos de 2020 sigue por debajo de lo establecido en el convenio, comprometiendo el futuro de la orquesta, del coro, la orquesta joven y las agrupaciones infantiles.

En materia sanitaria se sustituye la falta de compromiso práctico y material por la propaganda de un nuevo hospital. Así, los dos millones de euros que se presupuestan para el CHUAC, más otro millón para tecnología y equipamientos, son totalmente insuficientes. Y es clamorosa la ausencia en el proyecto de una partida específica para el tan demandado centro de salud de Santa Lucía. Se argumenta que hay una partida genérica para centros de salud, pero la única manera de poder constatar y evaluar la asunción de este compromiso es que, en los presupuestos de la Xunta

específica.

Máis as necesidades en materia sanitaria da nosa cidade non afectan só ás infraestruturas. É necesario reforzar e ampliar servizos nos centros de saúde e no centro de orientación familiar e incrementar o número de médicos e persoal sanitario asignado, en particular en atención primaria, tanto para atender a crecente demanda dos usuarios como para recuperar a calidade duns servizos seriamente ameazados polos recortes levados a cabo polos sucesivos gobernos Feijóo.

En materia educativa, o curso comezou coa protesta de nais e pais pola falta de profesores de apoio ou coa nova de que as chuvias provocaron o asolagamento de tres aulas e outras dependencias no instituto de Monelos. Pero, pese a esta situación, o investimento que se contempla nos centros educativos da nosa cidade é tamén claramente insuficiente.

Son múltiples as necesidades de mellora das instalacións, pero a Xunta, por non cumprir, incumple incluso os compromisos suscritos co Concello, como o convenio para construción de patios cubertos en centros de educación infantil e primaria. E tamén é clamorosa a ausencia de investimentos para novas escolas infantís.

En materia de benestar e atención social, o maior investimento anunciado —como xa comentamos— é a construción dunha residencias de anciáns en Eirís financiada pola Fundación Amancio Ortega. Como se di no texto da proposta que hoxe se somete a votación, o compromiso da Fundación Amancio Ortega coa cidade é ben recibido, pero tamén pon en evidencia a ausencia de compromiso do Goberno galego coa cidade da Coruña xa

de Galicia, exista una partida específica.

Pero las necesidades en materia sanitaria de nuestra ciudad no afectan solo a las infraestructuras. Es necesario reforzar y ampliar servicios en los centros de salud y en el centro de orientación familiar e incrementar el número de médicos y personal sanitario asignado, en particular en atención primaria, tanto para atender la creciente demanda de los usuarios como para recuperar la calidad de unos servicios seriamente amenazados por los recortes llevados a cabo por los sucesivos gobiernos Feijóo.

En materia educativa, el curso comenzó con la protesta de madres y padres por la falta de profesores de apoyo o con la noticia de que las lluvias provocaron la inundación de tres aulas y otras dependencias en el instituto de Monelos. Pero, pese a esta situación, la inversión que se contempla en los centros educativos de nuestra ciudad es también claramente insuficiente.

Son múltiples las necesidades de mejora de las instalaciones, pero la Xunta, por no cumplir, incumple incluso los compromisos suscritos con el Ayuntamiento, como el convenio para construcción de patios cubiertos en centros de educación infantil y primaria. Y también es clamorosa la ausencia de inversiones para nuevas escuelas infantiles.

En materia de bienestar y atención social, la mayor inversión anunciada —como ya comentamos— es la construcción de una residencias de ancianos en Eirís financiada por la Fundación Amancio Ortega. Como se dice en el texto de la propuesta que hoy se somete a votación, el compromiso de la Fundación Amancio Ortega con la ciudad es bien recibido, pero también pone en evidencia la ausencia de

que sen a achega da Fundación o investimento da Xunta sería inexistente, esquecendo que a evolución demográfica de Galiza e o incremento da desigualdade obrigan a incrementar os esforzos na busca do benestar das persoas.

O Estatuto de Autonomía de Galiza establece no seu artigo 27 que Galiza ten a competencia exclusiva en materia de vivenda. En cambio, a Xunta de Galiza leva dez anos sen desenvolver unha política de promoción de vivenda pública merecente dese nome, e os tres millóns que se consignan para a construción de corenta vivendas de protección no Ofimático é un investimento minúsculo para facer fronte ao problema do acceso á vivenda que existe na nosa cidade.

Esta falta de compromiso coa cidade é extensible tamén a outros eidos: a loita contra o cambio climático, o tratamento dos residuos ou o compromiso co futuro da fachada marítima. Pero antes de rematar, quixera referirme de xeito singular a outros dous asuntos. Por moito que se queira disfrazar apelando a unha partida xenérica no IGAPE de 8,3 millóns de euros destinados, cito textualmente, “a infraestruturas colaborativas de uso compartido de apoio empresarial”, o certo é que no proxecto de orzamentos non hai un só euro destinado especificamente á cidade das TIC, un proxecto estratéxico para A Coruña, fundamental para loitar contra o declive industrial que está padecendo esta comarca. E aproveito para lembrar que as competencias en materia de política industrial están residenciadas sobre todo na Xunta de Galiza e xa está ben de que a Xunta de Galiza mire para outro lado ou pase a pelota ante as empresas que pechan ou que se deslocalizan, en vez de asumir e exercer

compromiso del Gobierno gallego con la ciudad de A Coruña ya que sin la aportación de la Fundación la inversión de la Xunta sería inexistente, olvidando que la evolución demográfica de Galicia y el incremento de la desigualdad obligan a incrementar los esfuerzos en la búsqueda del bienestar de las personas.

El Estatuto de Autonomía de Galicia establece en su artículo 27 que Galicia tiene la competencia exclusiva en materia de vivienda. En cambio, la Xunta de Galicia lleva diez años sin desarrollar una política de promoción de vivienda pública merecedora de ese nombre, y los tres millones que se consignan para la construcción de cuarenta viviendas de protección en el Ofimático es una inversión minúscula para hacer frente al problema del acceso a la vivienda que existe en nuestra ciudad.

Esta falta de compromiso con la ciudad es extensible también a otros ámbitos: la lucha contra el cambio climático, el tratamiento de los residuos o el compromiso con el futuro de la fachada marítima. Pero antes de finalizar, querría referirme de manera singular a otros dos asuntos. Por mucho que se quiera disfrazar apelando a una partida genérica en el IGAPE de 8,3 millones de euros destinados, cito textualmente, “a infraestructuras colaborativas de uso compartido de apoyo empresarial”, lo cierto es que en el proyecto de presupuestos no hay un solo euro destinado específicamente a la ciudad de las TIC, un proyecto estratégico para A Coruña, fundamental para luchar contra el declive industrial que está padeciendo esta comarca. Y aprovecho para recordar que las competencias en materia de política industrial están residenciadas sobre todo en la Xunta de Galicia y ya está bien de que la Xunta de Galicia mire hacia otro lado o pase la pelota ante las empresas que cierran o que se

as súas competencias para reverter o proceso de desindustrialización tan acelerado e tan preocupante que está sufrindo a comarca da Coruña.

E o último asunto: **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, chámese Vía Ártabra; chámese AG-55, co necesario levantamento da peaxe; chámese estación intermodal de San Cristovo, para a que se prevé só un investimento de 365.000 euros dos máis de 26 millóns precisos, sen que exista ademais dotación plurianual.

En definitiva, o proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para 2020 non atende as necesidades sociais da cidade e da súa comarca, nin vai contribuír á dinamización económica e a xeración de emprego. Por iso consideramos necesario un pronunciamento da Corporación para instar á Xunta a atender as demandas da cidade e incorporalas aos orzamentos e, nese sentido, o BNG subscribe e comparte os contidos da proposta de resolución e solicitamos o voto a favor.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera. Polo Grupo da Marea Atlántica, a señora García.

Señora García Gómez

Si, gracias. Moi bos días a todos e todas, quen está no Salón de Plenos e tamén quen nos segue dende o streaming.

O 17 de outubro a Xunta publica o seu proxecto de orzamentos. Uns orzamentos

deslocalizan, en vez de asumir y ejercer sus competencias para revertir el proceso de desindustrialización tan acelerado y tan preocupante que está sufriendo la comarca de A Coruña.

Y el último asunto: (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención), llámese Vía Ártabra; llámese AG-55, con el necesario levantamiento del peaje; llámese estación intermodal de San Cristóbal, para la que se prevé solo una inversión de 365.000 euros de los más de 26 millones precisos, sin que exista además dotación plurianual.

En definitiva, el proyecto de presupuestos de la Xunta de Galicia para 2020 no atiende a las necesidades sociales de la ciudad y de su comarca, ni va a contribuir a la dinamización económica y la generación de empleo. Por eso consideramos necesario un pronunciamiento de la Corporación para instar a la Xunta a atender las demandas de la ciudad e incorporarlas a los presupuestos y, en ese sentido, el BNG suscribe y comparte los contenidos de la propuesta de resolución y solicitamos el voto a favor.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera. Por el Grupo de la Marea Atlántica, la señora García

Señora García Gómez

Sí, gracias. Muy buenos días a todos y todas, quienes están en el Salón de Plenos y también quienes nos siguen en directo.

El 17 de octubre la Xunta publica su proyecto de presupuestos. Unos

electorais, de ano electoral, propagandísticos, que chegan á cuadratura do círculo baixando impostos, incrementando gasto social e facendo unhas contas moi expansivas, nestes exercicios de “maxia potaxia” e prestidixitación aos que nos ten afeitos o señor Feijóo, que mete e saca millóns da chisteira, que aparecen e desaparecen en múltiples ocasións.

No que afecta á cidade da Coruña, os orzamentos son ademais pícaros, cheos de trampas. Compromisos que xa cheiran a rancio, porque xa se fixeron máis veces e que non chegaron a cumprirse; compromisos que se reciclan dun ano para outro e que nunca chegan a materializarse.

A Xunta presenta para A Coruña uns orzamentos avaros, tacaños, que deixan á Coruña, unha vez máis, como dicía o PP en tantas ocasións, no furgón de cola; que sumen á Coruña na parálise e, cando se compara co investimento realizado nas outras sete cidades de Galicia, estamos por debaixo —e moi por debaixo— da media, tanto en gasto investimento absoluto como en gasto por habitante.

E trala publicación destes orzamentos, que eu creo que non están á altura realmente das necesidades da cidade, comeza a liturxia: comezan os anuncios moi rimbombantes, comezan as notas de prensa, comeza as roldas de prensa, moitas veces con declaracións críticas, con xesto serio e enfadado, e logo se volve á rutina diaria. É unha cuestión de trámite. É unha cuestión de hábito. É un asunto ordinario, como escoitaba eu onte.

E eu non podo discrepar máis. Non é un asunto ordinario. Non é un asunto

presupuestos electorales, de año electoral, propagandísticos, que llegan a la cuadratura del círculo bajando impuestos, incrementando gasto social y haciendo unas cuentas muy expansivas, en estos ejercicios de “magia potagia” y prestidigitación a los que nos tiene acostumbrados el señor Feijóo, que mete y saca millones de la chistera, que aparecen y desaparecen en múltiples ocasiones.

En el que afecta a la ciudad de A Coruña, los presupuestos son además pillos, llenos de trampas. Compromisos que ya huelen a rancio, porque ya se hicieron más veces y que no llegaron a cumplirse; compromisos que se reciclan de un año para otro y que nunca llegan a materializarse.

La Xunta presenta para A Coruña unos presupuestos avaros, tacaños, que dejan a A Coruña, una vez más, como decía el PP en tantas ocasiones, en el furgón de cola; que sumen a A Coruña en la parálisis y, cuando se compara con la inversión realizada en las otras siete ciudades de Galicia, estamos por debajo —y muy por debajo— de la media, tanto en gasto inversión absoluta como en gasto por habitante.

Y tras la publicación de estos presupuestos, que yo creo que no están a la altura realmente de las necesidades de la ciudad, comienza la liturgia: comienzan los anuncios muy rimbombantes, comienzan las notas de prensa, comienza las ruedas de prensa, muchas veces con declaraciones críticas, con gesto serio y enfadado, y luego se vuelve a la rutina diaria. Es una cuestión de trámite. Es una cuestión de hábito. Es un asunto ordinario, como escuchaba yo ayer.

Y yo no puedo discrepar más. No es un asunto ordinario. No es un asunto

ordinario que a Xunta de Galicia, que ten, efectivamente, unhas competencias moi ben definidas en cuestións absolutamente clave para a vida das persoas, —que teñen que ver co benestar das persoas, que teñen que ver coa sanidade das persoas, que teñen que ver co desenvolvemento industrial, coas políticas de vivenda— abandone, unha vez máis, como xa ven sendo habitual, á cidade da Coruña como o está facendo. Non pode ser un asunto ordinario. Non é un asunto ordinario que chova nas aulas. Non é un asunto ordinario as listas de agarda na sanidade pública. Non é un asunto ordinario a falta de investimentos clave para mellorar o potencial de desenvolvemento económico da comarca. Iso nunca pode ser un asunto ordinario.

Para nós, estamos xa afeitos a este exercicio de cinismo e, realmente, botamos en falta que a Xunta asuma dunha vez por todas as súas competencias e que deixe de delegar nos concellos para que lle fagan o traballo, para que lle tapen os furados, para que corrixa as súas omisións en asuntos tan clave como os que levamos citado. Polo tanto, é importante que este Pleno se reúna, que convoquemos este Pleno —xa que non o fai o Goberno o facemos entre a Marea Atlántica e máis o BNG—, para que toda a Corporación defenda, dunha vez, os intereses da cidade da Coruña e lle saque as castañas do lume a este Goberno da Xunta que non nos quere, unha vez máis, atender.

Xa cando gobernaba Xulio Ferreiro era hábito convocar aos grupos municipais e elaborar unha proposta de demanda que realmente plasmara o apoio maioritario —polo menos maioritario— da Corporación e se elevara á Xunta de Galicia. Neste ano non se fixo. Nos resulta moi estraño non ver á alcaldesa defendendo os intereses e as necesidades

ordinario que la Xunta de Galicia, que tiene, efectivamente, unas competencias muy bien definidas en cuestiones absolutamente clave para la vida de las personas, que tienen que ver con el bienestar de las personas, que tienen que ver con la sanidad de las personas, que tienen que ver con el desarrollo industrial, con las políticas de vivienda— abandone, una vez más, como ya viene siendo habitual, a la ciudad de A Coruña como lo está haciendo. No puede ser un asunto ordinario. No es un asunto ordinario que llueva en las aulas. No son un asunto ordinario las listas de espera en la sanidad pública. No es un asunto ordinario la falta de inversiones clave para mejorar el potencial de desarrollo económico de la comarca. Eso nunca puede ser un asunto ordinario.

Para nosotros, estamos ya acostumbrados a este ejercicio de cinismo y, realmente, echamos en falta que la Xunta asuma de una vez por todas sus competencias y que deje de delegar en los ayuntamientos para que le hagan el trabajo, para que le tapen los agujeros, para que corrija sus omisiones en asuntos tan clave como los que hemos citado. Por lo tanto, es importante que este Pleno se reúna, que convoquemos este Pleno —ya que no lo hace el Gobierno lo hacemos entre la Marea Atlántica y más el BNG—, para que toda la Corporación defienda, de una vez, los intereses de la ciudad de A Coruña y le saque las castañas del fuego a este Gobierno de la Xunta que no nos quiere, una vez más, atender.

Ya cuando gobernaba Xulio Ferreiro era habitual convocar a los grupos municipales y elaborar una propuesta de demanda que realmente plasmara el apoyo mayoritario —por lo menos mayoritario— de la Corporación y se elevara a la Xunta de Galicia. En este año no se hizo. Nos resulta muy extraño no ver a la alcaldesa defendiendo los

da cidade e facendo unha valoración pública do que implican uns orzamentos da Xunta que, unha vez máis, nos volven a deixar na estacada.

Nesa seca persistente de ideas da Xunta de Galicia, de investimentos e desenvolvemento de proxectos clave, de demandas que se acumulan por incumpridas, nós sabemos identificar as prioridades e están moi claras. As prioridades están na defensa dos servizos públicos de primeira necesidade: a educación, a sanidade e a atención social; están na mobilidade sostible e no desenvolvemento de infraestruturas clave de comunicación para a comarca; están nunhas políticas de vivenda que aseguren o dereito á vivenda de todas as persoas; están nas políticas de cambio climático, como non pode ser de outra maneira en vista dos episodios e os acontecementos que xa se suceden con maior virulencia e maior reiteración; están na recuperación da fachada marítima para o uso público da cidadanía e están na promoción de proxectos de desenvolvemento clave nunha área metropolitana economicamente maltratada, ultimamente, polo desenvolvemento industrial. Proxectos clave, como a cidade das TIC.

E agora paso revista a demandas concretas que teñen que ver con estas áreas, absolutamente clave, onde a Xunta, efectivamente, ten que desenvolver o seu papel e non pode, unha vez máis, descansarse nos concellos.

No eido da educación, a verdade é que se podería escribir un libro con todas as demandas que se están presentando desde os centros de ensino e que non se dan cumprido. Por cumprir, efectivamente, a Xunta non cumpre nin sequera os convenios que ten asinados desde 2006.

intereses y las necesidades de la ciudad y haciendo una valoración pública de lo que implican unos presupuestos de la Xunta que, una vez más, nos vuelven a dejar en la estacada.

En esa sequía persistente de ideas de la Xunta de Galicia, de inversiones y desarrollo de proyectos clave, de demandas que se acumulan por incumplidas, nosotros sabemos identificar las prioridades y están muy claras. Las prioridades están en la defensa de los servicios públicos de primera necesidad: la educación, la sanidad y la atención social; están en la movilidad sostenible y en el desarrollo de infraestructuras clave de comunicación para la comarca; están en unas políticas de vivienda que aseguren el derecho a la vivienda de todas las personas; están en las políticas de cambio climático, como no puede ser de otra manera en vista de los episodios y los acontecimientos que ya se suceden con mayor virulencia y mayor reiteración; están en la recuperación de la fachada marítima para el uso público de la ciudadanía y están en la promoción de proyectos de desarrollo clave en un área metropolitana económicamente maltratada, últimamente, por el desarrollo industrial. Proyectos clave, como la ciudad de las TIC.

Y ahora paso revista a demandas concretas que tienen que ver con estas áreas, absolutamente clave, donde la Xunta, efectivamente, tiene que desarrollar su papel y no puede, una vez más, descansarse en los ayuntamientos.

En el ámbito de la educación, la verdad es que se podría escribir un libro con todas las demandas que se están presentando desde los centros de enseñanza y que no terminan de cumplirse. Por cumplir, efectivamente, la Xunta no cumple ni siquiera los

Mentres que o Concello, nos últimos anos con carácter moi intenso, cumpriu a construción de patios cubertos nos diferentes colexios —e ata agora mesmo está o último, agora mesmo xa practicamente en execución, que é o San Francisco Xavier— a Xunta acumula retrasos que teñen que ver co colexio Labaca, o Ramón de la Sagra, Curros Enríquez, Manuel Murguía ou Zalaeta.

Non queremos tampouco que chova nos colexios de San Pedro de Visma, de Curros Enríquez. Hai que reparar as cubertas e iso é, unha vez máis, responsabilidade da Xunta.

E cos comedores escolares poderíamos tamén escribir un libro, non? Xa non só de deficiencias, de alerxias e de inadecuación dos medios senón que, realmente, se está infravalorando de maneira sistemática que valor teñen os comedores escolares para dar un servizo igualitario a todos os alumnos e alumnas, para conciliar a vida laboral e familiar, para proporcionar unha alimentación sana e incluso para mover os circuítos de proximidade. As demandas nos choven das asociacións de nais e pais.

Pero é que ademais Coruña precisa unha nova escola infantil. Unha nova escola infantil que se integre nunha rede, que debería ser unitaria, de escolas infantís xestionadas polo Concello, transferíndolle a Xunta de Galicia as competencias ao Concello e, por suposto, aportando para iso os fondos necesarios.

Non van ben as cousas en educación. Non van ben. Se recorta. En vez de invertir, se recorta. Se perde persoal, se perden especialistas para atender a persoas con necesidades especiais. Non

convenios que tiene firmados desde 2006. Mientras que el Ayuntamiento, en los últimos años con carácter muy intenso, cumplió la construcción de patios cubiertos en los diferentes colegios —y hasta ahora mismo está el último, ahora mismo ya prácticamente en ejecución, que es el San Francisco Javier— la Xunta acumula retrasos que tienen que ver con el colegio Labaca, el Ramón de la Sagra, Curros Enríquez, Manuel Murguía o Zalaeta.

No queremos tampoco que llueva en los colegios de San Pedro de Visma, de Curros Enríquez. Hay que reparar las cubiertas y eso es, una vez más, responsabilidad de la Xunta.

Y con los comedores escolares podríamos también escribir un libro ¿no? Ya no solo de deficiencias, de alergias y de inadecuación de los medios sino que, realmente, se está infravalorando de manera sistemática qué valor tienen los comedores escolares para dar un servicio igualitario a todos los alumnos y alumnas, para conciliar la vida laboral y familiar, para proporcionar una alimentación sana e incluso para mover los circuitos de proximidad. Las demandas nos llueven de las asociaciones de madres y padres.

Pero es que además Coruña precisa una nueva escuela infantil. Una nueva escuela infantil que se integre en una red, que debería ser unitaria, de escuelas infantiles gestionadas por el Ayuntamiento, transfiriéndole la Xunta de Galicia las competencias al Ayuntamiento y, por supuesto, aportando para eso los fondos necesarios.

No van bien las cosas en educación. No van bien. Se recorta. En vez de invertir, se recorta. Se pierde personal, se pierden especialistas para atender a personas con necesidades especiales. No podemos

podemos seguir nesa liña.

A sanidade, —á parte de que se seguen manifestando os profesionais despois de anos e anos, e anos de recortes, que rematan afectando á falta de profesionais, á non dispoñibilidade de instalacións, á precariedade no emprego sanitario, ás listas de agarda, á perda de atención na sanidade descentralizada e, en realidade, nun deterioro manifesto que non denunciaremos nós, que están denunciando os profesionais, como están denunciando hoxe o colectivo de enfermeiras— despois de anos e anos acumulados de recortes, a Xunta de Galicia se saca da manga a ampliación do CHUAC, que moi benvida sexa pero da que, a día de hoxe, non sabemos nada. E eu pregunto se aquí, o Concello da Coruña, sabe algo da ampliación do CHUAC, se se volveu a constituír esa mesa bilateral Xunta-Concello que debería estar traballando conxuntamente para optar pola mellor solución. Tamén nos preguntamos se esa ampliación do CHUAC vai detraer fondos da sanidade de atención primaria e da atención descentralizada, se realmente imos cubrir as carencias que nos chegan dende os barrios, como a falta de persoal de xinecología no Centro de Orientación Familiar ou a falta dun pediatra e matrona no centro de Novo Mesoiro, ou **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** o persoal que debería atender a crecente demanda no centro de saúde dos Rosais e do Castrillón.

Santa Lucía volve a non estar. Estar estaba cando gobernaba aquí Negreira, e co cambio de Goberno, malia as diferentes alternativas que se lle ofreceron á Xunta, ese investimento deixou de estar presente nos seus plans. Realmente nos preguntamos como pode ser que ocorra tantas veces que a Xunta

seguir en esa liña.

*La sanidad, —aparte de que se siguen manifestando los profesionales después de años y años, y años de recortes, que terminan afectando a la falta de profesionales, a la no disponibilidad de instalaciones, a la precariedad en el empleo sanitario, a las listas de espera, a la pérdida de atención en la sanidad descentralizada y, en realidad, en un deterioro manifiesto que no denunciaremos nosotros, que están denunciando los profesionales, como están denunciando hoy el colectivo de enfermeras— después de años y años acumulados de recortes, la Xunta de Galicia se saca de la manga la ampliación del CHUAC, que muy bienvenida sea pero de la que, a día de hoy, no sabemos nada. Y yo pregunto si aquí, el Ayuntamiento de A Coruña, sabe algo de la ampliación del CHUAC, si se volvió a constituir esa mesa bilateral Xunta-Ayuntamiento que debería estar trabajando conjuntamente para optar por la mejor solución. También nos preguntamos si esa ampliación del CHUAC va a detraer fondos de la sanidad de atención primaria y de la atención descentralizada, si realmente vamos a cubrir las carencias que nos llegan desde los barrios, como la falta de personal de ginecología en el Centro de Orientación Familiar o la falta de un pediatra y matrona en el centro de Novo Mesoiro, o **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)** el personal que debería atender la creciente demanda en el centro de salud de Los Rosales y del Castrillón.*

Santa Lucía vuelve a no estar. Estar estaba cuando gobernaba aquí Negreira, y con el cambio de Gobierno, a pesar de las diferentes alternativas que se le ofrecieron a la Xunta, esa inversión dejó de estar presente en sus planes. Realmente nos preguntamos como puede ser que ocurra tantas veces que la Xunta

anuncia un investimento mentres gobernan unhas persoas e, milagrosamente, desapareza cando cambia a cor política. Mencionaremos máis exemplos a continuación. Os deixo para a miña seguinte intervención.

Alcaldía

Moitas grazas, señora García.

Por Ciudadanos, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Moi bos días a todos.

Un ano máis, a Xunta pretende investir na Coruña e a súa comarca moito menos do que debería, falando sempre segundo a riqueza que xera, o seu volume de emprego e a súa poboación. A inversión da Xunta, unha vez máis, non é proporcional coa realidade desta cidade e da súa área de influencia. Curiosamente, ou non, as grandes competencias da Xunta que afectan á nosa cidade, como son as infraestruturas de educación e sanidade e algúns eixos de infraestruturas, non teñen na Coruña tanta inversión en comparación co desembolso preparado desde a Xunta, por exemplo, para turismo e cultura coa excusa do Xacobeo, no que está claro que o presidente da Xunta basea o crecemento de Galicia.

Empezando polas infraestruturas e por algo que aconteceu escasamente hai uns días: ADIF ten encomendado unha boa parte das infraestruturas ferroviarias, sabémolo todos. Pero resulta que a presidenta de ADIF estivo esta pasada semana na Coruña e non sabe nada do tren a Langosteira. Non debemos permitir as insuficientes aportacións ás infraestruturas portuarias. Son imprescindibles para competir coas

anuncia una inversión mientras gobiernan unas personas y, milagrosamente, desaparezca cuando cambia el color político. Mencionaremos más ejemplos a continuación. Los dejo para mi siguiente intervención.

Alcaldía

Muchas gracias, señora García.

Por Ciudadanos, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Muy buenos días a todos.

Un año más, la Xunta pretende invertir en A Coruña y su comarca mucho menos de lo que debería, hablando siempre según la riqueza que genera, su volumen de empleo y su población. La inversión de la Xunta, una vez más, no es proporcional con la realidad de esta ciudad y de su área de influencia. Curiosamente, o no, las grandes competencias de la Xunta que afectan a nuestra ciudad, como son las infraestructuras de educación y sanidad y algunos ejes de infraestructuras, no tienen en A Coruña tanta inversión en comparación con el desembolso preparado desde la Xunta, por ejemplo, para turismo y cultura con la excusa del Xacobeo, en el que está claro que el presidente de la Xunta basa el crecimiento de Galicia.

Empezando por las infraestructuras y por algo que sucedió escasamente hace unos días: ADIF tiene encomendada una buena parte de las infraestructuras ferroviarias, lo sabemos todos. Pero resulta que la presidenta de ADIF estuvo esta pasada semana en A Coruña y no sabe nada del tren a Langosteira. No debemos permitir las insuficientes aportaciones a las infraestructuras portuarias. Son imprescindibles para

grandes dársenas internacionais nun contexto no que o oitenta por cento do transporte do comercio mundial se fai por vía marítima. Non podemos permitir excusas como a desaparición de Meirama para cuestionar o tren a Langosteira, sabémolo desde os acordos de París, sabemos que o carbón deixará de ser a principal mercancía. Semellante tomada de pelo de ADIF, de Portos do Estado, da Autoridade Portuaria, do PP e do PSOE esixe que alguén diga: ata aquí. Ademais de que o único capítulo que baixa nos presupostos de Mar para 2020 é o das infraestruturas portuarias.

Polo litoral galego pasan a meirande parte de todos os buques procedentes de Asia e que navegan con destino aos grandes portos de Bremen, Rotterdam ou Amberes. Non poden facer escala en Galicia porque as infraestruturas non están adaptadas á magnitude destas embarcacións. Hai unha total falta de concienciación marítima na sociedade galega e, para cambiar este escenario, é necesario e urxente adecuar as infraestruturas e traballar nos campos de loxística e as redes marítimas. E para iso fan falta cartos. Fai falta inversión.

